

Comprensión lectora.

Criterio	Excelente (2 ptos.)	Bo (1,5 ptos.)	Aceptable (1 pto)	Baixo (0,5 ptos.)
Comprensión de textos.	Identifica as palabras clave que axudan á comprensión global do texto. Comprende a mensaxe identificando as ideas principais e secundarias.	Identifica algunha palabra clave que axuda á comprensión global do texto. Comprende a mensaxe identificando a idea principal e algunha secundaria.	Identifica algunha palabra clave que axuda á comprensión global do texto. Comprende a mensaxe identificando as ideas principais.	Identifica unha ou dúas palabras clave que axudan á comprensión global do texto. Comprende a mensaxe identificando as ideas principais de maneira guiada.
Interpretación do texto.	Interpreta o título e as imaxes antes da lectura. Deduce, interpreta e formula hipóteses sobre o contido.	Interpreta o título e as imaxes antes da lectura. Interpreta e formula hipóteses sobre o contido.	Interpreta o título e as imaxes antes da lectura. Interpreta e formula hipóteses sobre o contido de maneira guiada.	Cóstalle interpretar o título e as imaxes antes da lectura. Interpreta e formula hipóteses sobre o contido.
Vocabulario.	Deduce o significado das palabras e expresións descoñecidas con axuda do contexto. Utiliza o dicionario de maneira autónoma e por vontade propia para entender o texto e ampliar o seu vocabulario.	Deduce o significado de algunhasas palabras e expresións descoñecidas con axuda do contexto. Utiliza o dicionario de maneira autónoma cando se lle indica para entender o texto e ampliar o seu vocabulario.	Deduce o significado das palabras e expresións descoñecidas con axuda do contexto. Utiliza o dicionario de maneira autónoma cando se lle indica para entender o texto e ampliar o seu vocabulario, aínda que o fai lentamente.	Deduce o significado das palabras e expresións descoñecidas con axuda do contexto. Utiliza o dicionario de maneira guiada para entender o texto.
Composición.	Identifica as partes nas que se organiza o texto e os elementos que debe conter no conto, diario e descrición.	Identifica, de maneira guiada, as partes nas que se organiza o texto e os elementos que debe conter no conto, diario e descrición.	Coñece as partes nas que se organiza o texto, pero cóstalle identificalas. Recoñece algúns dos elementos que debe conter no conto, diario e descrición.	Identifica as partes nas que se organiza o texto e os elementos que debe conter no conto, diario e descrición.
Lectura como gozo persoal.	Le de maneira voluntaria os textos propostos e selecciona outros do seu agrado amosando gusto pola lectura.	Le de maneira voluntaria algúns textos propostos e selecciona outros do seu agrado amosando gusto pola lectura.	Le de maneira voluntaria un texto proposto e selecciona outros do seu agrado.	Le algún texto segundo as súas preferencias.

